



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ASISTENCIA PLENO 231019:

Presidente:

Don José Muíño Domínguez

Concelleiros:

Don Carlos Allo Cundíns
Dona Sheila Recarey Varela
Dona Begoña Torrado Lema
Dona Sandra Méndez Blanco
Dona Sonia Sande Lista,
Dona Tatiana Rellán Castro
Dona Sandra Redondo Fernández
Don Marcos Lois Costa
Dona Alba Villar López

Ausencias:

Don Borja Andrade Montes

Secretaría:

Dona María Garrote López

Intervención:

Dona Patricia Chas Filgueiras

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DEZANOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES(231019)

No Concello de Cabana de Bergantiños, o dezanove de outubro de dous mil vinte e tres, ás vinte horas, reuníronse no salón de sesións habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don José Muíño Domínguez, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver a sesión **extraordinaria** do Pleno, en base a Orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

O alcalde escusa a ausencia dos relacionados a marxe.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

Primeiro.- . Modificación de crédito nº 23 mediante transferencia (2023/T002/000023)

O alcalde le a proposta.

PROPOSTA DE ALCALDÍA: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº23 MEDIANTE TRANSFERENCIA.

Tendo en conta o disposto no art. 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que en desenvolvemento e execución do Orzamento prorrogado para o ano 2023 apreciouse insuficiencia de crédito en diversas aplicacións do estado de gastos.

Vistos os Informes de Intervención, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 23 do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2023 mediante transferencia, por importe de 125.331,80 € de acordo co seguinte detalle:

GASTOS ANULACIÓN:

APLICACIÓN	BAIXA	FINALIDADE
165 22100	22.839,74 €	Iluminación pública. Enerxía.
165 21000	6.111,71 €	Iluminación pública. Reparacións.
1531 21000	46.675,24 €	Acceso a núcleos de poboación. Reparacións.
160 22706	3.500,00 €	Alcantarillado. Estudos e traballos técnicos.
161 22799	4.000,00 €	Abastecemento de auga potable. Estudos e traballos técnicos.
165 22706	12.463,00 €	Iluminación pública, estudos e traballos técnicos.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

1720 21000	17.000,00 €	Protección do medio ambiente, reparacións.
1720 21300	1.000,00 €	Protección do medio ambiente, reparacións maquinaria.
1531 22400	2.100,00 €	Acceso a núcleos de poboación, primas de seguros.
920 13100	3.000,00 €	Administración xeral, salarios.
920 12101	1.642,11 €	Administración xeral, salarios
920 12006	2.000,00 €	Administración xeral, salarios
920 12100	3.000,00 €	Administración xeral, salarios
TOTAL	125.331,80 €	

GASTOS A INCREMENTAR:

APLICACIÓN	INCREMENTO	FINALIDADE
231 22706	71.331,80 €	Asistencia social primaria, estudos e traballos técnicos.
334 22609	54.000,00 €	Promoción cultural, actividades culturais e deportivas.
TOTAL	125.331,80 €	

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais. Cabana de Bergantiños, a data da sinatura electrónica. O Alcalde José Muiño Domínguez

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: O tema dos salarios. Hai unha persoa menos?

O alcalde contesta: Si, é a Tesoureira.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: O tema de que aumenten os gastos en asistencia social primaria. Hai unha empresa con "x" cartos por licitación.

O alcalde contesta: Axuda en domicilio aumenta cada ano. Hai que dar mais servizos. Nada raro.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: En promoción cultural aumentan polas actividades nas parroquias?

O alcalde contesta: Si, a base ven de antes da pandemia.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: Votamos en contra porque o procedemento non parece o mais adecuado. Gustaríame saber por que este pleno extraordinario. Por que corre urxencia agora.

O alcalde contesta: Para axilizar os pagos canto antes.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Por que non se fixo no anterior?

O alcalde resposta: O funcionamento do día a día. Non entra todo.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por seis votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sandra Méndez Blanco, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sonia Sande Lista) e catro votos en contra (dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Segundo.- . Modificación de crédito nº 24 mediante suplemento de crédito (2023/T002/000023)

PROPOSTA DE ALCALDÍA: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº23 MEDIANTE TRANSFERENCIA.

Tendo en conta o disposto no art. 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que en desenvolvemento e execución do Orzamento prorrogado para o ano 2023 apreciouse insuficiencia de crédito en diversas aplicacións do estado de gastos.

Vistos os Informes de Intervención, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 23 do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2023 mediante suplemento de crédito, por importe de 125.331,80 € de acordo co seguinte detalle:

GASTOS ANULACIÓN:

APLICACIÓN	BAIXA	FINALIDADE
165 22100	22.839,74 €	Iluminación pública. Enerxía.
165 21000	6.111,71 €	Iluminación pública. Reparacións.
1531 21000	46.675,24 €	Acceso a núcleos de poboación. Reparacións.
160 22706	3.500,00 €	Alcantarillado. Estudos e traballos técnicos.
161 22799	4.000,00 €	Abastecemento de auga potable. Estudos e traballos técnicos.
165 22706	12.463,00 €	Iluminación pública, estudos e traballos técnicos.
1720 21000	17.000,00 €	Protección do medio ambiente, reparacións.
1720 21300	1.000,00 €	Protección do medio ambiente, reparacións maquinaria.
1531 22400	2.100,00 €	Acceso a núcleos de poboación, primas de seguros.
920 13100	3.000,00 €	Administración xeral, salarios.
920 12101	1.642,11 €	Administración xeral, salarios
920 12006	2.000,00 €	Administración xeral, salarios
920 12100	3.000,00 €	Administración xeral, salarios
TOTAL	125.331,80 €	

GASTOS A INCREMENTAR:

APLICACIÓN	INCREMENTO	FINALIDADE
231 22706	71.331,80 €	Asistencia social primaria, estudos e traballos técnicos.
334 22609	54.000,00 €	Promoción cultural, actividades culturais e deportivas.
TOTAL	125.331,80 €	

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais. Cabana de Bergantiños, a data da sinatura electrónica. O Alcalde José Muíño Domínguez



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro ,coa venia da presidencia, pregunta: Estes xuros son anuais, trimestrais..

O alcalde llepregunta á interventora.

A interventora contesta: Ata fin de ano.

Dona Tatiana Rellán Castro ,coa venia da presidencia, pregunta: Se quita de gastos de persoal .18.000€ en total. É pola baixa a Tesoureira?

O alcalde contesta:Sí

O alcalde indica que os intereses corresponden a operación de Tesourería e a dous préstamos.

O alcalde di: Non se recibiu o diñeiro de madrid por iso imos ós préstamos.

O alumeado aínda non se pagou

Dona Tatiana Rellán Castro ,coa venia da presidencia, di: Os xuros son altos.É unha pena. É entendible senon se reciben os fondos.

Imos votar en contra . Non entendemos a celeridade porque podía ir ó anterior ou o seguinte pleno.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por seis votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sandra Méndez Blanco, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sonia Sande Lista) e catro votos en contra (dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde da por terminado o acto, ás vinte horas e doce minutos do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor alcalde.